

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

13

O BOLETÍN UVIGO/HUMANANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info \[direc.equidade@uvigo.gal\]\(mailto:direc.equidade@uvigo.gal\)](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

DECEMBRO

Premiando a solidariedade

| L | M | MÉ | X | V | S | D |
|---|---|--|--|---------------------------------|-----------|---|
| | | | | 1 Día Mundial do SIDA | 2 | 3 Día Internacional das Persoas con Discapacidade |
| 4 | 5 Día Mundial dos Voluntarios | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 Día dos Dereitos Humanos |
| 11 Día Internacional das Montañas | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 Día Internacional do Migrante | 19 | 20 Día Mundial da Solidariedade Humana | 21 Entrega do premios Consello Social UVigo_Humana | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

CHAVES DESTE NÚMERO

Xa se coñecen as persoas gañadoras do III Concurso Móvete polos ODS

A [Rede Galega de Cooperación Universitaria](#), integrada pola Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo, convocou este ano a terceira edición do concurso de vídeos Móvete polos ODS co obxectivo de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento sostible (ODS) de Nacións Unidas e sensibilizar á comunidade universitaria, e á sociedade en xeral, sobre a importancia de que todas as persoas formen parte da solución aos grandes retos mundiais sobre a desigualdade, o cambio climático, a perda da biodiversidade, etc.

O pasado 14 de novembro déronse a coñecer os gañadores, aqueles que recibiron o maior número de *likes* en Youtube, ademais da persoa participante que leva o premio á innovación. A contía dos premios vai de 550 a 200 euros. Os vídeos premiados foron «[Comprométete e coida da auga](#)», «[Vive Glocal](#)», «[Corazón de plástico](#)», e «[O logro do ODS 10 dende a Gobernanza](#)».

A entrega de premios UVigo-Humana

Os galardóns Consello Social-UVigo Humana existen para premiar a solidariedade e o traballo de cooperación de colectivos, organizacións e asociacións, tanto no ámbito internacional coma no autonómico. A Universidade de Vigo organiza a súa cuarta edición e serán outorgados nun acto presencial o día 21 de decembro ás 12:00 no edificio Redeiras, en Vigo.

Premios aos mellores TFG e TFM con temáticas relacionadas coa Axenda 2030

Ao mesmo tempo que se premia o traballo das organizacións, tamén se recompensa a labor dos estudantes da UVigo en materia de cooperación. Esta convocatoria ten por obxecto o recoñecemento dos traballos de fin de grao e mestrado oficial que se distinguan por ser especialmente relevantes en temáticas relacionadas coa Axenda 2030, a cooperación ao desenvolvemento e a responsabilidade social. As persoas gañadoras reciben a gratuidade da matrícula nos estudos que supoñan unha continuación dos xa cursados. En total son 10 os galardóns outorgados..

A entrega dos premios terá lugar no mesmo acto dos premios UVigo Humana.

EVENTOS

III Edición concurso de vídeos «Móvete polos ODS»

A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), deu a coñecer as persoas gañadoras do III Concurso de vídeos «Móvete polos ODS», co obxectivo de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento sostible. Son os 3 vídeos que obtiveron un maior número de *likes*, ademais daquel premiado polo seu carácter innovador.

III CONCURSO DE VÍDEOS
Móvete polos ODS

Para estudantes da UVI, UVigo e USC
Prazo de presentación
 Até o 30 de setembro de 2023

Premios

- 1º Premio: 500 €
- 2º Premio: 350 €
- 3º Premio: 200 €
- A imitación: 400 €

Mais información

- UVI: cov@uvigo.es
- USC: sebiusantiago@usc.es
- UVigo: direc.equidade@uvigo.es

Universidade de Vigo USC UNIVERSIDADE DA CORUÑA XUNTA DE GALICIA COOPERACIÓN GALEGA RGC

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Base de convocatoria
<http://www.uvigo.es/programa/programa-actividades>
<https://www.usc.es/programa/programa-actividades>
<http://www.uvigo.es/programa/programa-actividades>

O primeiro premio levouno Iván González Novoa con «[Comprométete e coida da auga](#)» (1.809 likes), galardoado con 550€. O segundo foi para Elena Vázquez Ortuño, Alba Gonzalez Bao, Laura Iglesias Fernández e Mar Sevilla Martín, que se levaron 350€ por «[Vive Glocal](#)» (1.511 likes). O terceiro levárono Lía Rivas Rodríguez, Alejandro Sánchez Mora e Raquel Varela Rodríguez, que gañaron 200€ por «[Corazón de plástico](#)» (1.350 likes). O premio á innovación foi para José Manuel Fernández Urbano, que recibiu 400€ polo vídeo «[O logro do ODS 10 dende a Gobernanza](#)».

[+Info](#)

Artigo9tech: IV Xornadas de Tecnoloxía para o Ben Común, Educación, investigación e cooperación para o desenvolvemento nas universidades galegas

O 1 de decembro terá lugar na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, a cuarta edición destas xornadas e contará coa representación de Artigo9tech, un grupo de investigación financiado pola Cooperación Galega que pretende crear unha rede de profesorado e colaboradores das tres universidades galegas para fomentar a colaboración e iniciativas compartidas no ámbito tecnolóxico. A xornada é gratuíta e é preciso inscribirse previamente neste enlace. [+Info](#)

artigo9tech

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
COOPERACIÓN GALEGA

IV Xornadas de Tecnoloxía para o Ben Común
Educación, investigación e cooperación para o desenvolvemento nas universidades galegas.

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
Campus Universitario de Vigo, As Lagoas-Marcosende
1 decembro de 2023

10:15 Apertura da xornada - Universidade de Vigo
10:30 Presentación da rede Artigo9tech
10:45 Experiencias de cooperación desde as Universidades Galegas
11:45 Descanso – café
12:30 Oportunidades de financiamento para actividades de cooperación
13:00 Presentación da convocatoria “Impulso á Investigación Universitaria en Tecnoloxías para o Ben Común”
13:30 Outras actividades da rede para 2024
14:00 Peche da xornada

Xornada gratuíta. Por motivos de organización é necesario inscribirse.
[Formulario de inscrición](#)

Arquitectura Sin Fronteras, Vicerrectoría de Investigación, Equidade e Diversidade, Universidade de Vigo, Facultade de Enxeñaría de Telecomunicación, Universidade de Vigo, Enxeñaría San Fronteiras, Oficina de Cooperación e Voluntariado Universitario da Coruña, orientate, ENE, UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CICA, Universidade de Vigo

Exposición «Enredadas en el Cambio»

No 3º andar do edificio Redeiras terá lugar unha mostra de imaxes que reflicten a vida e a actividade produtiva de sete mulleres emprendedoras referentes en Perú, Colombia, Nicaragua, Bolivia e España.



O Taller de Solidaridad, en colaboración con Cooperación Galega, organiza esta exposición de 28 fotografías para dar exemplo do liderazgo e o emprendemento feminino. Ademais, conta cunha versión virtual na que se amplía a información sobre as problemáticas asociadas ás historias de vida das protagonistas. Permanecerá aberta do 20/12/2023 ao 22/01/2024 e existen datas de reserva. [+Info](#)

Xornada de «Somos Ponte»

«[Somos Ponte](#)» é un programa impulsado pola Coordinadora Galega de ONGD en colaboración coa Deputación de Pontevedra. O seu obxectivo é ser ponte entre a sociedade civil galega e os países do sur e poñer en valor

Convite á xornada

Somos Ponte

Compromiso local, xustiza global

Un encontro sobre **cooperación** ao **desenvolvemento** organizado pola Coordinadora Galega de ONGD en colaboración coa Deputación de Pontevedra

29 de novembro 10:00-13:30 h.
Salón de actos da Deputación

Inscripcións en protocolo@depo.es




a cooperación para o desenvolvemento nun ámbito local. No marco deste proxecto terá lugar esta xornada o mércores 29 de novembro de 2023, no salón de plenos da Deputación Provincial das 10:00 ás 13:30. [+Info](#)

PROGRAMAS

Impúlsta-T, programa de apoderamento e inserción socio-laboral de xoves trans de Galicia. En ARELAS, asociación de menores e mocidade trans de Galicia, traballan polo empoderamento e a capacitación sociolaboral da mocidade para lograr un colectivo trans autónomo e emancipado. Impúlsta-T está dirixido á mocidade trans de 14 a 25 anos e tenta potenciar a participación, o apoderamento e a significación persoal deste colectivo. Para conseguilo, contan con profesionais de distintas disciplinas con experiencia no traballo das vivencias trans e ofertan un lugar de encontro e creación de experiencias con grupos de apoio entre pares, acompañamento e atención social, asesoramento legal, obradoiros e actividades ao aire libre en entornos seguros e transpositivos.

[+Info](#)



Programas de axudas para actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento.

A Deputación de Coruña as bases do programa de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o ano 2024. O período de presentación de proxectos comezou o 15 de novembro e remata o 15 de decembro.

[+Info](#)

Programas de axudas para proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao desenvolvemento. A Deputación da Coruña vén de publicar as bases do programa de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o ano 2024. As ONGD interesadas poderán presentar as súas solicitudes ata o 15 de decembro. [+Info](#)

Programa de voluntariado internacional transformador. Proclade Bética ofrece abriu a convocatoria para participar no seu programa de voluntariado internacional transformador tanto de corta (1 mes aprox.) como de longa duración (máis de 6 meses). A experiencia inclúe tres sesións formativas presenciais en febreiro, marzo e maio e nestas abordaranse temas como o autoconecemento. Tamén se realizan sesións de encontro coas comunidades de acollida. Para presentar una candidatura é necesario participar na reunión informativa virtual do 12 de decembro. [+Info](#)

PUBLICACIÓN DE ARTIGOS

- A **Revista Española de Desarrollo e Cooperación** da Universidade Complutense de Madrid fai unha chamada ao envío de artigos con temática de exclusión social para o monográfico *Nuevas formas de exclusión e invisibilidad social*. Recepción de propostas ata o 5 de decembro. [+Info](#)

- REEDES, o Servicio de Cooperación al Desarrollo UCM (Vicerreitorado de RR.II. e Cooperación), o Instituto Complutense de Estudios Internacionales (ICEI, UCM) e o Instituto Universitario de Desarrollo y Cooperación (IUDC, UCM), fan un chamamento para a recepción de resumos de comunicacións/relatorios para o VII Congreso Internacional de Estudios del Desarrollo (VII CIED), baixo o título *Transiciones justas y pactos para el desarrollo sostenible*. Os resumos poden enviarse ata o día 10 de decembro de 2023. O congreso celebrarase o 30 e 31 de maio de 2024. [+ Info](#)

NOVAS DO DUVI

A directora de CINTECX, Concepción Paz Penín, gaña o Premio María Josefa Wonenburger

[+Info](#)

Un 25N para tecer mundos feministas [+Info](#)

A Fundación Banco Sabadell entrega á investigadora Elena Ojea o seu Premio á Sostibilidade

Mariña [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

A **Morada** é unha cooperativa sen ánimo de lucro no eido social en Vigo. O seu obxectivo é proporcionar un espazo feminino de encontro, un lugar de lecer, asesoramento e formación, sempre en conexión coa comunidade.

Ofertan un amplo abano de obradoiros e actividades con temática cultural, de sustentabilidade, autocoidado... Tamén contan cun club de poesía, así como espazos comunitarios de apoio para os procesos de perda, charlas de asociacións ou persoas creadoras da nosa contorna, mostras de arte...

Da mesma maneira, colaboran con asociacións que velan pola xustiza social

coma Xaruma, a Fundación Secretariado Gitano, Accem, Juan Soñador e Emaús. [+Info](#)



RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)